



UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO
REXISTRO XERAL

13.NAD 99 07078

SAIDA

Alumnos que están a realizar titulacións xestionadas nesa Unidade de Xestión Académica teñen manifestado que as materias validadas para a libre elección curricular non manteñen a cualificación obtida na materia, figurando nas mesmas a mención "validada", o que lles causa graves prexuízos na valoración dos seus expedientes fronte a outros alumnos da mesma universidade pero que as súas titulacións son xestionadas noutras unidades administrativas.

O artigo 47 das Normas de Xestión Académica da Universidade aprobadas pola Xunta de Goberno establece:

"As materias validables serán refectidas no expediente coa mención "validada", e non se refectirá cualificación ningunha. Os efectos de valoración curricular terán unha equivalencia dun punto.

As materias que sexan recoñecidas como de libre elección materán en calquera caso a cualificación obtida, xa fose outorgada nesta universidade ou noutras universidades."

Da literalidade do artigo despréndese pois que a mención de "validada" **debe figurar nas materias validables agas cando estas materias correspondan a libre elección.** Nas Unidades de Xestión Académica do Campus Norte e do Campus de Lugo están aplicando o artigo tal e como figura nas normas de xestión o que da verosimilitude ás queixas dos alumnos.

Co obxecto de que a aplicación da normativa de xestión académica sexa uniforme e unívoca para tódolos estudantes, con independencia da unidade administrativa de tramitación dos expedientes prégoles que procedan a revisar os expedientes dos alumnos con materias de libre elección validadas para que figure a cualificación correspondente.

Santiago de Compostela, 7 de decembro de 1999

O Vicerrector de Ordenación Académica e Titulacións



Celso Rodríguez Fernández

Sr. Xefe da Unidade de Xestión Académica do Campus Sur
Universidade de Santiago de Compostela
Campus Sur